

AQUELES MESTRES / AQUELES ZOQUEIROS

Xosé María Gómez Vilabella

Se non fun o último dos mestres de “a ferrado”, o penúltimo igual si, e por esta circunstancia coido que me toca asumir esta responsabilidade, a de firma-la acta da feliz/infeliz extinción dun gremio tardiamente periclitado. ¡Por culpa daquela guerra *incivil*, obviamente! (Ben de veces me teño preguntado pola causa remota da do 36: ¿Aquela progresión xeométrica de creación de escolas, aquel surtido de mestres do Plan Calleja..., ou acaso aquela espiña das derrotas, dos erros, de Cavite e de Santiago de Cuba, o desastre de Annual, unha dictadura estrelada..., elevadas á enésima potencia pola Lei Azaña? Os historiadores adoitan ocuparse das datas, das datas e das últimas consecuencias, tan só diso, así que as grandes causas, as causas remotas, quedánlles no tinteiro as máis das veces, e hoxe en día demoran neses bits ós que non chega o dedo meimiño.

Caído, adentrado, neste exame de conciencia, compre apeitar cos remorsos, xa que tamén cos méritos, daquela audacia maxistral. Si, audacia, como mínimo audacia, que tal foi aquela pretensión de ensinar sen ser ensinados; e como non creo na ciencia infusa, ¿que outra cousa puido ser se non foi ousadía e/ou temeridade?

No outro prato da balanza espero que se nos admitirá un certo apostolado, unha forza tractora, un certo amor para co próximo, tan inopio, ou máis, cós seus mestres ocasionais.

Isto en canto á nosa responsabilidade, ó noso mérito/demérito como ensinantes, como escolantes, como receptores daquel ferrado..., ¡non sempre de trigo! O oficio alternativo, complementario, aquela arte das zocas, tamén tiña o seu contrapunto, unha certa intelectualidade, que dun “pizarrín” a un “repenico” pouca mutación vai. As zocas vendíanse no inverno, maiormente no inverno, -domingos de Meira alternando cos de Castroverde-, así que a súa tempada, de facelas, de curalas, encaixaba, complementaba, coma o testo do pote. Falo por min de paso que evoco, que brindo, as lembranzas dos meus antecesoros, dos meus mestres.

Se non fose por culpa da *incivil* eu non houbese chegado a ¿mestre?, que daquela haberíao a ferrado, e non precisamente cobrando en ferrados senón das arcas dunha Instrucción Pública ben formada e ben pagada. O meu houbese sido un enchufiño en Madrid, igual que o tiñan outros parentes, maiormente por obra e gracia de meu tío-avó Nicolás Salmerón y García, fillo daquel home tan home, Salmerón y Alonso; si, aquel que tivo a gallardía de abolir a pena de morte por si e ante si, ó prezo, nada máis e nada menos, dunha Presidencia maiúscula, a penas estreada.

Nacín en Agosto do 30, pero de Augusto, nada, que estaban os de Sila petando ás portas de Gobernación, preparándose para aquel abrideiro 14 de Abril do 31. Iso, preparándose, pero a

oposición puido con eles, con aquela elite de catro utópicos, que os demais eran máis, moitos, niso de tirar da corda: uns, que non soltaban o pote das talladas; e os outros, a turbamulta, arre-deus que querían facerse co cazo, ¡antes de ferve-las verzas, de sócato!

O meu recordo lúcido, a miña lembranza máis remota, foi a daquela tricolor ondeando no rabizo dun malle, ¡que a saber onde puxeran a moca! Alí no corredor da *Casa de Córneas*, sede da Unión de Labregos do meu Montecubeiro. Dentro, arriba, no sobrado, teatro de afeccionados dirixido por aquel Mestre de Mestres, ¡con título oficial!, Rico do San Bernabé¹. Corría o ano 1.935... ¡Deus, como corría, cantas cousas pasaron e cantas improntas me deixaron! Teatro, o que é teatro-teatro, na bisbarra só volvería a habelo no 1995, en Mosteiro, daquela cando estrenei, cos mozos da terceira idade, a miña comedia ¡*Se eu mandase, aí daquela...*!, introducida polo meu entremés ¡*Para mozas de prol...*, *as de Pol!* En Frialde, tamén de Pol, tamén raiando coa Terra Chá, polos 50, representou un tal Rivas, un antecesor, outro *mestre*, outro zoqueiro, outro colega, outra obríña. Foi a excepción que confirma a regra, un conato de renacemento local, pero daquela a xente tiña máis ganas de comer, e por tanto de emigrar, que de rirse das farsas alleas.

Volvendo ó da tricolor: A nosa Unión dispoñía, -cartos de Cuba e da Arxentina-, xa naquel entón, dunha biblioteca circulante, tesouro rural, ¡verdadeiramente astral, para o 35! Isto merece un monumento, ou, polo menos, unha lauda sepulcral. ¡Que foi daquel tesouro? Aqueles *conservadores*, que tanto se esforzaron por conservar aquel podre conservadurismo dos caciques do lugar, non tiveron dó dun misto, ¡e como o papel arde tan ben...! A tela, o *drapeau*, igual o utilizaron aqueles miñatos miñotos para limparse os mocos... Con dicir que ata lle queimaron un devocionario, un libro de oracións, ¡eso si, de tapas roxas!, á madrastra de Bonifacio Sarille, un dos promotores-mecenas da susodita biblioteca; o resto, ¡no coment!

Falando de onde vimos, que sen raizames non hai árbores, ¡Montecubeiro, couto do Monte Cubeiro, cubos, cubos con árbores, árbores e algún que outro bastardo, léase eucalipto, que non hai paraíso sen serpes!, nada podemos historiar sen ubicarnos no colo daqueles frades, dominicos, e por tanto, listos, preparados, todos eles, incluso aqueles da granxa de San Cibrao, que *recolectaban* para os de igual sotana de San Domingos de Lugo. ¡No colo? Pois si, con todo dereito, incluído o de pernada. Eu mesmo, por veces, sinto un rebullir místico, aló por dentro, que o hábito non fai ó monxe, que igual me vén, directamente, dunha paternidade ancestral, monacal. Non tería nada de particular, máxime dándose a circunstancia de que as mulleres de Montecubeiro tiñan sona de xentís, ben formadas, esculturais, ¡de tanta ximnasia como facían/como fixeron, subindo e baixando ó convento por aquelas encostas agrestes, montesías! Iso antes de aparece-los autos e mailos tractores, que da desamortización para acó pouco tardaron en vir. Subindo/baixando, naquelas rodela de fentos, as grandes cestadas do condumio cotián: ovos, leite, queixos e manteiga da

¹ Ver Xosé Manuel Sarille, "Arximiro Rico, luz dos humildes", *Sarmiento*. n.º4, Ano 2000, pp 39-47.

vaca marela... Despois diso, caer rendidas nos brazos dun daqueles santos logo tiña máis de virtude que de vicio. ¡Miñas xoias!

Veñamos ou non dos frades, certo é que os de Montecubeiro tiñamos sona de listos, ¡case que frades! E como tales, actuamos, no teatro da cultura, amaestrando, (si, está ben dito), á inxente prole de tan prolífica bisbarra. Con aquela instrucción, con aquela visión do mundo exterior, a falta de baúis *mundo* os nosos coterráneos cargaban na besta, do seu pai ou dun veciño da porta, unha sacadiña de roupa, -saco de liño, calzonciños de liño, camisa de liño-, a aló que se ían, ó Novo Mundo, despedíndose do Vello en Lugo, que a Coruña era porto de mar, ¡outro mundo!

Situados naquel tempo e naquel espacio, compre ir ó fondo da cuestión, á xeración macrura: A comezos do XX os nenos do rural nacían con tres sanbenitos ó lombo. ¡Tres! As quintas, a emigración e redimi-los foros. Como denominador común, o de sempre, ¡os cartiños!

Para iso das quintas, ¡das quintas dos ricos!, estableceuse en Lugo o Banco Aragonés de Seguros y Crédito, que se anunciaba así no núm. 1 de El Progreso: “Quintas de 1.909.- Este Banco constituído especialmente para la redención del servicio militar activo de las armas, mediante el depósito de la prima única antes del sorteo de cada año, de 825 pesetas (o sean 3.300 reales), o a plazos, se les deja libre, a todos los mozos aun cuando fuesen llamados posteriormente de señalado el cupo...” O anuncio é longo, irritante, así que o cortarei aquí, engadindo, reiterando, tan só, o meu, ¡No coment! ¡Cabe mellor retrato dun país e dunha época?

Da emigración xeralizada, transoceánica, ¡que bágoas podería retratar eu, aquí, se xa están cristalizadas, descantiá? ¡Diamante puro!

Dos foros, maiormente co diñeiro americano, -a escravitude galega, pouco, pero algo cobraba, única diferenza con aquela negritude da que o accionariado chegou ata María Cristina-, os nosos ancestros fóronse librando; cousa que non lles ocorría coas quintas, que niso ían a peor.

Falando outravolta das quintas: No desastre de Annual, 21 de Xullo do 21, con 21.000 mortos, para mellor fixa-la cita mnemotécnica, aquel asilvestrado xeneral Silvestre, de *motu proprio* ou empurrado dende o máis alto do Estado, que esa sospeita quedou tra-lo Expediente Picasso, empurrou definitivamente ó interior do Rif un número inxente de galegos, do que non quedou unha estatística fiable pero é de supoñer que foron moitos dado que todo por aquí só eran “cuotas” catro fidalguiños e dez burgueses. Lamentablemente, a ese precio, a única avantaxe foi para os morgados, ¡que se libraron de pagar unhas cantas lexítimas!

Do lado positivo estaban as mentes, co fogar de Breogán en plena cochura: ¡954 sociedades agrarias rexistradas en Galicia a finais do 1.923! Particularmente aquí por Lugo poderíamos citar, na década dos 20, unha morea de indicadores económicos, mais, en razón de brevidade, optarei por estes catro:

-No 1925 acudiron ás feiras/festas do San Froilán, ¡seis casas de maquinaria agrícola!. Para que non todo fose prosaico, a Asociación da Prensa organizou unha *Festa da Poesía Gallega*.

-Tamén en Lugo, pero no 26: A Casa Ajuria anunciábase así: "Rechace los arados de fábrica extranjera..." ¡Logo é que os había, que se ofertaban, conxuntura que tardaría trinta anos en repetirse! Enésimo e decisivo Decreto da Redención Foral, decretado polo Dictador, ¡que algo de bó ía ter!

-1.927.- Os nosos lugueses ergueron a cabeza, por riba do sachos e dos malles, para asombrarse co voo rasante de catro avións. ¡Catro! Visitaron Lugo provenientes do aeródromo de Gamonal (Burgos)

-1.928.- A prosperidade xeralizouse. E as nosas paisaniñas deron en levar á Misa zapatos de tacón; eso si, ben gardados nunha fardela da tea, alternando coas zocas, ¡que non ían atrouchar polas trouchas cos seus zapatos de tafílete!

Do 29 mellor non falemos pois o *Crac* da Bolsa de Valores levou á ruína a moitísimos emigrantes, directa ou indirectamente, maiormente ós cubanos, pero como non hai mal que por ben non veña, tiveron que retornar ó país, co seu *mundo* cheo de ideas, ¡a falta de dólares! Convertíronse nunha pleiade de Mestres polifacéticos, ós que nunca lles agradeceremos bastante aquel pulo que lle imprimiron ó mundo rural.

No 30 naceu servidor, así que viñen/viñemos nun rexurdimento eclipsado, tanto, que quince anos despois aínda quedaban escoliñas particulares, resucitadas; malles de pao e arados do ferreiro. ¡Arados de chatarra e chatarra houbese!

De chegado a este punto, e para mellor revivi-las miñas lembranzas, tirei cara a Lugo, máis concretamente para a "Escuela Nacional Mixta de Sagaruje". Iso da forza irresistible que magnetiza, que fai volver ó lugar do *crime* debe ser certo. Foi unha de tantas escolas creada, e neste caso dotada, pola República. Tiveron a idea tres pais de familia: o señor Evaristo de Candal de Maxide, o meu propio pai -coñecido por José María de Cas Gómez de Berlán-, e de terceiro un tal Tellado de Sagaruxe (Trasorras). Acordaran que Evaristo, recién chegado de La Habana, poría un cuarto provisional, -un dos da súa vivenda-, no entretanto encargaba a construción dun amplo local, *ad hoc*, exento, dando ás propias curradas. O Trasorras encargouse de redacta-la instancia, e tal o fixo que cando se reuniron de novo en Maxide para firmala, ¡constaba Sagaruxe como lugar proposto! Evaristo non tiña papel de barba, e meu pai non o levará. O Trasorras, máis pícaro e máis dialéctico, convenceunos de que fora cousa de inercia, hábito, e que se decatou ó repasa-lo escrito, pero, ¡acabáraselle o papel, que non a barba! Para non demora-la ocasión, o pacto quedou en cursar aquel documento, cun pacto entre cabaleiros de que a escola seguiría construíndose, dotándoa, en Maxide. ¡Pero a placa veu para "Sagaruje", que en Madrid nunca adiviños foron!

O meu coche avanzou sen papuzas, ¡adeus currais de zurro, adeus alfombra de toxos, de codesos ou de xestas!, ó pé mesmo do escenario das miñas *xestas* infantís. De apeado, obvía-

mente, asaltei de dous en dous os chanzos da escaleira pétreo, exterior, ¡pero a porta estaba pechada, definitivamente fechada por obra e gracia da Agrupación Escolar de Castroverde!

Por un intre quedei apampado, cego, desnortado. E chorei; suposto que ninguén me via naquela soedade sobrevida, chorei. Un intre despois, desasosegado aínda, senteine nas propias, frías, escaleiras, e recei pola ánima do meu mestre, don Jesús Rojo López, un home sapiente, toco e borrachuzas. ¡Nembargantes, mullereiro!

Don Jesús era de Corcubián, ou da súa bisbarra; polo parálise infantil da súa man esquerda non lles serviu para manexar un fusil. ¡Burros, que houbese dado un bo oficial coa pistola na dereita! Chegou a Maxide, cando a Guerra, expatriado, desterrado da súa bisbarra por obra e gracia de certas acusacións dereitistas. ¡Sorte para os da miña, que sabido é que o que un non desexa outros o cobizan. Nembargantes a súa *xorda*, física e moral, aprendeu o *Cara al Sol*, e tamén algo de instrucción militar, que o disimulo, o medo, tamén son formativos; neste caso, deformativos. ¡Miúdo castigo, duplo, me custou sonarme, descaradamente, na escola de Maxide, cun paniño de seda, coa bandeira tricolor e coa efixie, estampada, de Salmerón, en rebeldía porque o señor Maestro me fixo corear o seu ditoso *Cara al Sol*!²

Don Jesús coidou que naquela dictadura tiña que emular ós dictadores, así que practicou comigo o seu complexo de Estocolmo, cousa que non lle censuro, ¡meu pobre! Outro dos seus disimulos/enmascaramentos foi namorarse da Carmiña do Pombal, filla do falanxista máis significado da parroquia, pero neste caso alábolle o gusto/o xesto pois afellas que tal moza merecía. Ningunha daquelas representacións/ficcións o librou dunha nova/definitiva depuración, evidentemente inxusta e tardía, por cousa da cal lles tocou aquela lotería ós nenos de Santa Eulalia de Oscos (Asturias), deixándonos orfos, orfos da súa sabencia, indixentes da súa pedagogía. Nunca me apartei da súa devoción, e confeso que cando saíu o meu primeiro libro, Castroverde. Bosquejo histórico-geográfico, no ano 51, escribume a Madrid maxistralmente, alentándome para que profundase na obra de Valle Inclán, segundo el, “un gallego con ideas claras y concretas, y que además sabía expresarlas”.

Con tan pouca escola, pero menos tiveron noutras parroquias, os de Montecubeiro pasamos de enfermeiros a doutores. (Neste mundo, que tan complexo nos parece, causas similares producen efectos análogos: No 56 vivín/padecín, con ocasión da embestida dun camión do Istiqlal contra o meu IF-420, algo parecido: zurciu á miña dona, dos efectos de tres voltas de campá, en Safí-Marrocos, un Practicante elevado a Médico polos méritos dunha independencia prematura; e menos mal que os franciscanos de Safí tiñan boas relacións cun doutor holandés, que aínda non levantara a súa clínica, que rezurciu aquela

² José Antonio Durán, “Nuevas e inesperadas revelaciones acerca de la presencia de Nicolás Salmerón en Galicia”, *La Voz de Galicia*, 29-11-1.987

desfeita do Equipo magrebí). Co ensino, daquela, na posguerra, en todo o rural, algo parecido.

As laxes da escaleira estaban frías, outonías, pero o meu maxín fervía, así que, ¡mal sentado pero ben asentado!, “Mi mamá me mima”, e por aí adiante: Catón, Rayas, Lecciones de Cosas... E cando facía bon, ¡já leira do Evaristo! Don Jesús ensinounos a contar contando couceiros..., ata que un bo día/un mal día, que non se puido saír ó cómaro, ocorréuselle encargarnos *zonchos*, pero de madeira viciosa, deses do pé das castiñeiras. Prometeu un premio o que máis lle levase, con tal que fosen do tamaño dun ovo de carrizo. Miña avoa deixoume un pano seu da cabeza..., que o enchín, e levei o premio: ¡un contíño de Calleja, tan minúsculo que se chega a ser unha galleta pápoo! Con aquelas boliñas, de ben lixadas e redondeadas, ¡tódolos cativos da miña escola eramos navalleiros empedernidos!, encargoulle un ábaco de 10 x 10 ó carpinteiro de Vilabella de Vilar. ¡Aquel *ordenador*, aquel ábaco, impresionounos bastante máis que un PC nas mans dun neno actual!

Esa falta de medios, esa carencia de instrumentos, cun Director de orquestra como era o noso Mestre, fixo milagres: Desarrollamos a memoria á forza de repetir o que nos escribía na pizarra; e despois de lida, relida e comentada, sempre pedía voluntarios para borrar e..., ¡reproducir! Aí, precisamente nesas, gañeime a inimiga do 96 por cento da clase pois, de cincuenta alumnos, só saíamos voluntarios a Manoliña de Candal (hoxe dona Manuela, Catedrática, xubilada, de Química) e ¡servidor!

Amais da retentiva, ¡oh peripatéticos!, entre o colexio e mailos cómaros, ¡canto non nos fixo discurrir con aquelas proposicións! Un día comentounos que existía un dicionario de peto (un Iter), e que sería bo que nolo mercasen nosos pais en vista das dificultades que tiñamos para entende-lo seu (obligatorio) castelán. Non foi meu pai senón un parente que mo conseguiu na Coruña, ¡pero...! Como os demais nenos non o pediron, ou non o conseguiron, non era cousa de levalo á escola, que abonda inquina me tiñan por culpa daquela soberbia de saír sempre voluntario á pizarra, así que me dediquei ó “Iter” os xoves e mailos domingos pola tarde, maiormente cando me mandaban alindar unha vaca, ou dúas, polos arrós da nosa cativa propiedade. ¡Aquilo foi o maná do Ceo! Creo recordar que non rematou o curso sen que eu rematase aquel cativo dicionario, ¡de memoria! Para incrementa-la inquina dos meus colegas, remedio eficaz: Din en falar “de dicionario”, talmente coma unha cotorra, así que incluso cheguei a entender o catecismo, castelán por suposto, do P. Astete, ¡así que con iso outro disgusto! Veu á parroquia un franciscano, e erre que erre que me tiña que levar para Herbón... A pouco me zurra meu pai: “Non ves que ti é-lo morgado; e logo está que os frades, igual cós curas, non se poden casar...” En vista diso, cara ó San Freilán, presentouse o noso Párroco, un tal don Benito, que era máis testán que San Pedro, e díxolle moi serio ó meu pai que me levaba consigo a Lugo, que aquel ano había seis becas no Instituto... Para as seis só nos presentamos as xemelgas Hermida López e mais eu, ¡así que, por sapiencia ou por vacío material, don Delio

Mendaña non tivo outra opción que aprobarnos! Pero a min leváronme para a casa, ós poucos días, que para fonda facíanselles curtos os cartos da ditosa beca...

Canto máis se me negaba a comida intelectual, máis fame me entraba. Na casa había poucos libros, que os metera meu pai no forno de coce-lo pan, daquela que o perseguiron, no 36; fosen ou non de política, que para os do “cuarteliño” de San Cibrao política érao todo, maiormente a tabla de dividir, a de repartir. En tal conxuntura din en pedi-los periódicos vellos, os atrasados, ó señor Severino do Ferreiro, que así foi como fixen o meu *master* do ensino primario. Entre aqueles periódicos habíaos arxentinos, que llelos mandara seu irmán Eduardo vía Nova York. ¡Con esas, lin e vin a Castelao, e chorei coa Negra Sombra, cando ninguén da miña xeración tal cousa vira, nin, se cadra, tal oíra!

Meu avó, o cuñado de Salmerón, era albeitar, e sabía de botánica, -medicina natural-, tanto ou máis có propio Linneo. Pero o meu non ía por aí, que con só verlle tirar dunha cría, paría eu tanto como a vaca, ¡miñas pobres, e todo iso para a feira, coma os sacos das patacas! Así que optei polas zocas, oficio que meu pai compatibilizaba coas escolas de “a ferrado”, nos seus entreactos, de estación a estación.

Xúrovos que facer zocas, se se lles bota arte, é/era apaixoante, un parto indoloro, gratificante. Dicit que dun toro de alidueira ou de amieiro, a medio curar, simplemente cun equipo de bros, aixola, trades, alegres, coitela e repenico, se pode modelar externamente un peíño tan anxelical como eran os daquelas mociñas coas que compartín pupitres en Maxide, ¡eu estaba namorado de case que todas!, iso era de semideuses. Onde un cabaleiro diría “Beso sus piés, señora”, eu, un vástago daqueles fidalguetes da Olga, outro Gómez de Neira, permitíame o luxo de acarisárllelos, para mellor calzalas, para medírllelos; en definitiva, para libralas dunha catarreira acaso mortal.

No ripeiro tanto como á aixola dinlle ó maxín imaxinando, entre outras cousas e inventos, o feliz que debía ser a tal momento a Manoliña de Candal, xa en Lugo, no seu Bacharelato. Tamén mira que era mala pata, por dous motivos: Eu non puidera pasar do meu “Iter” mentres que ela estudiaba, entre outras cousas guapas, latín, así que ía chegar a saber tanto ou máis có señor Cura. E logo estaban os seus zapatíños de charol, que así os levaba naquela ocasión en que, estando de vacacións, mandouna súa nai a levarnos un cartucho de melindres de non sei que voda. Se aquel día non me tragou a terra é que nunca me papa, nin de vivo nin de morto. ¡Deus, que vergoña pasei! Aquelles peíños de tan grácil andar xa nunca zocas calzarían; e despois, que me falou en castelán, ¡como compría a unha estudante daqueles tempos!

Como non hai mal que por ben non veña, aquel nefasto/fasto día fíxenme a min mesmo, diante da cruz da aixola, o máis solemne dos xuramentos: ¡Eu tamén estudiaría, de neno ou de mozo, de solteiro ou de casado, anque para iso tivese que ir ó cárcere! Ó cárcere aínda non fun, pero ó cuartel, si: tres anos de voluntariado, ós dezaoto, en Madrid, no Ministerio do Ejército. E con iso, e cunha beca da Acción Católica, rompín a estudar coa fame do mendigo. Sempre con fame, incluso física, que é como mellor se aprende. Dos

dezaioito ós setenta, que agora, nestas alturas da vida, si que prefiro ler natureza, extasiarme coas árbores da miña carballeira, aló na Veiga do Azúmara, na miña finca das “Andoriñas”.

As zocas, no outono, eran artigo de primeira necesidade. Eu tiña pedra habitual, na feira de Castroverde, xunto das dúas que ocupaba o “Pintor” de Luaces. Era unha cuestión, intuitiva, de simbiosis: aquel señor facía moitas, pero menos anatómicas cás miñas; e vendía barato. Eu, ó seu lado, tiña poucas, pero, ¡zapatos! Non era competencia senón complementariedade, ¡e iso que eu, daquela, aínda non estudiara Comercio!

Acertou a vir por alí o señor Domínguez de Catatrigo, gran amigo do meu pai, que por certo leváramos dous sacos, el as de home e eu as de muller, as lixeiras:

-¿E logo, este rapaz, non che estudia?

-Xa o fixo, xa, que arestora sabe máis cá min.

-¿Máis cá ti? ¡Ai logo...; ai logo, quen mo dera para mestre dos meus fillos; e de paso, dos meus sobríns!

-Nese caso teráslle que pagar outro tanto como me pagan a min na Braña, en Millares...

Houbo acordo, sen regate algún, así que, do domingo ó luns, aquel zoqueiriño convertiuse en mestre, ¡en mestre de a pesetas, que xa non se levaba iso do ferrado!

Aqueles rapaces, de cinco a vinte anos, escoitáronme con tanta fame de sabenza, ou máis, da que eu tiña. O malo do caso, -tardei anos en tomar conciencia diso-, foi que eu sabía moito, xa demasiado, para ser alumno de primaria, pero menos do desexable para ser Mestre, así fose dos de minúsculas.

¿Que lles ensinei? ¡Pois, todo canto tiña dentro, sen reserva algunha, tal cal que se baleirase o meu saco das zocas, desde ben cediño ata o punto de pedirlle ó señor Domínguez unha luz de carburo para mellor aproveita-la xornada. O mestriño moito non sabía, pero retorceu na súa cabeza tal e coma se un limón fose. Lémbrome que de noite, -longas noites da invernia montesía-, iamos á rúa, alí na Pereira, pra casa dun señor que lle daba ben á gaita do fol, pero a min, fose polo meu cansazo, fose polo mal oído musical, tíñanme que espertar a cotío para que os acompañase á casa onde me tocase pernoctar.

Iso de volcarme quedoume por hábito, que así o fixen cando cheguei a ser directivo de Banca, ben á contra de como o fixeran comigo cando era un simple oficial; e nalgún centro de estudos, tamén. Aló en Madrid, naqueles anos de trota-academias, díxome o señor Gallego, castelán por certo: “Si quieres sobresalir tres normas has de seguir: Que te tengan por listo los superiores y por necio los iguales. Segunda, que nunca elijas subordinados que te puedan eclipsar. Y tercera, que cuando enseñar proceda, imita a las mujeres, que nunca pasan de la media pierna..., salvo que les convenga”. Aquele señor sabía ese refrán pero el, afortunadamente, comigo non o practicou, que o teño nesa pléiade dos que me fixeron

gozar dese pracer de ser alumno permanente. E se hoxe alguén me preguntase ó respecto, o meu dito sería rabioso: Non hai peor animal que aquel humano que ensina a retroceder no mundo civilizado.

Con estas divagacións aínda non dixen cal era, cal foi, o meu programa: Se cadra un cóctel de todo aquilo que oíra ou lera, maiormente na Escuela Nacional, Mixta, de “Sagaruje”, pero con fogaxe, con presas, que aqueles nenos/mozos de Librán, de Tras da Serra (da Serra do Miradoiro) criáranse na Guerra de Liberación, pero da súa ignorancia, tan atroz coma a propia guerra, ninguén os liberara..., ¡aínda! Por “malos” que fosen aqueles mestres depurados, tan abundantes, ¡canto os precisaba a Nova España para deixar de ser vella, para saír daquelas cavernas a onde nos retornaron uns milleiros de cavernícolas empedernidos! ¡Que ben traído aquel emblema do xugo e mailas frechas! Tras das frechas, tras da guerra, o xugo: ¡Ei vaca, ei, volve ó rego! Os curas, para daquela, á diferenza dos frades de Montecubeiro, o que mellor se lles deu foi denunciar ós “Maestros particulares”. ¡Que querían? ¡Mestres do Estado, un por cada catro parroquias, e para iso, con catro enchufes paralelos! O que abundaban, ou escaseaban menos, eran as substitutas, ás que non faltou quen denominase “prostitutas” por aquilo de que se abaixaban a todo, e a tódolos lugares, mentres os señoritos e mailas señoritas “normales” lle daban ó seu enchufe, fose na capitalidade da provincia ou na municipal. Aquela desfeita, aquela “depuración”, dos mestres titulares foi un crime de lesa patria, pero ninguén lle pasou a factura a ninguén. ¡Lagoas da Historia!

En canto ós rapaces de Librán, con só un ano de estudos, ¡intensivos, por suposto!, déronse por doutorados, así que, ó inverno seguinte, ficháronme os de Piñeiro (Adai), onde tamén cumprín o mellor que souben e puiden.

No outono do 48 aceptáronme a instancia para o Batallón de Infantería del Ministerio del Ejército, Palacio de Buenavista, ¡exterior, que o que é a interior...!, tres anións de nada, con fonda pagada, que eso si que foi unha beca abondosa..., ¡en lentellas! De “mestre” pasei, retornei, á fase de alumno, ¡un alumno vitalicio! Pero iso é outro cantar, outra epopea, que casualmente coincidiu, a Deus gracias, coa desaparición daquel gremio dos “mestres de a ferrado”, que se pouco cobramos menos ensinamos, pero, ¡eso si!, fixémoslo con toda a alma, con toda profesionalidade, con toda xenerosidade, que outra tanta vontade, e outra tanta superación, a partires de tan pouco, non son doadas de achar. ¡Nunca o foron!